

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA DE VIGO.

Vigo, 8 de xuño de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Jesús Vázquez Almuíña, presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, facultado para formalizar este convenio pola Orde do 20 de novembro de 2020 da Consellería do Mar.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Os terreos da zona de servizo da Autoridade Portuaria de Vigo abranguen case a totalidade da fronte litoral da cidade de Vigo, unha zona clave para a mobilidade, o urbanismo, o saneamento e o ocio e lecer dos cidadáns.

As actuacións de abrir Vigo ao mar, levadas a cabo nos anos 90, permitiron mellorar de forma substancial a relación entre porto e cidade, aínda que se concentraron exclusivamente na zona central do porto, e é necesario afondar nunha mellora tamén das zonas do Berbés e Beiramar,

algo no que xa está a traballar a Autoridade Portuaria e no que é posible afondar co apoio da Xunta de Galicia.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. A Autoridade Portuaria de Vigo está a redactar dous proxectos nos terreos de dominio público portuario. Un deles para humanizar a Avenida Beiramar entre a rúa Coruña e Bouzas, e permitir o tránsito seguro de peóns e ciclistas ao longo dela de modo compatible coa actividade portuaria, e outro para construír unha senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre a Laxe e a entrada ao porto pesqueiro. Ditos proxectos servirán de base para a formulación deste acordo que persegue acadar espazos públicos sostibles, humanizados e seguros. Estas actuacións principais complétanse coa renovación do alumeado público, co obxectivo de garantir un consumo máis sostible.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), recolleu nos seus orzamentos o proxecto "Fachada marítima de Vigo" baseado nunha recuperación sostible e resiliente de dito entorno marítimo que incida nunha maior calidade de vida da cidadanía e no seu desenvolvemento económico e social.

O proxecto en cuestión supón a implantación dun itinerario peonil ao longo da fachada marítima de Vigo, e como tal, se inserta nas actuacións obxecto de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no anexo III do Acuerdo de Conferencia Nacional de Transporte, do 5 de novembro, polo que se fixan os criterios de distribución territorial de créditos orzamentarios dos exercicios 2021 e 2022. En concreto o proxecto forma parte dunha das actuacións que pertencen á inversión 1 do compoñente 1 (medida C1.I1) do citado Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que ten asignado o código 048, correspondente a medidas para a mellora da calidade de aire e a redución do ruído, do Anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se

establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, polo que lle corresponden os seguintes etiquetas climáticas, medioambientais e dixitais:

- Etiquetado climático: 40%
- Etiquetado medioambiental: 100%
- Etiquetado dixital: 0%

O proxecto contribúe de modo axeitado ao tagging verde e dixital

As actuacións obxecto deste convenio suporán gañar un espazo preto do mar para uso e desfrute da cidadanía. Coa finalidade última de avanzar no importante fito de acadar unha mobilidade sostible humanízanse espazos para facelos máis transitables por todos os usuarios, condutores e peóns, e se crea unha nova senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre A Laxe e a entrada ao porto pesqueiro.

A importancia desta actuación levou a Axencia Galega de Infraestruturas a incorporala nos seus orzamentos cun código de proxecto específico. Todo o exposto xustifica a concesión directa dunha subvención á Autoridade Portuaria de Vigo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vigo para fomento da mobilidade sostible na fachada marítima de Vigo.

O obxecto da actuación é dobre:

- A humanización da Avenida Beiramar entre a rúa Coruña e Bouzas. Intervirase ao longo de 1,6 km, ampliando as beirarrúas de modo que permitan o tránsito peonil e ciclista. Dotarase o treito de novo mobiliario urbano, de iluminación eficiente, zonas verdes e reordenaranse a zonas de estacionamento actuais. Esta actuación será compatible ademais coa actividade portuaria que se realiza ao longo do viario. Así mesmo estudaranse e proporanse bolsas de estacionamento alternativas nas proximidades da actuación.

- Construción dunha senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre A Laxe e a entrada ao porto pesqueiro. Darase así continuidade á senda peonil e ciclista pola zona portuaria salvando a discontinuidade existente no treito urbano provocada pola cota deprimida da praza do Berbés e polos accesos ao túnel de Beiramar. Isto farase de modo compatible coa operativa portuaria da zona e o paso dos transportes especiais

A nova senda discorrerá polo lado "mar " da avenida, integrándose nos espazos que forman parte do entorno de Portocultura. Na zona de peche do porto pesqueiro realizarase un retranqueo para que haxa espazo suficiente para unha plataforma compartida entre peóns e ciclistas respectando a separación entre o peche e as edificacións interiores. A actuación completarase coa reposición das redes de servizos afectados polo retranqueo realizado, instalación de mobiliario urbano, da sinalización e de elementos de xardinería e da súa rede de rego.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **CATRO MILLÓNS CINCOCENTOS MIL EUROS (4.500.000,00 €)** IVE engadido.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

A Autoridade Portuaria de Vigo obrígase a:

1. Redactar o documento técnico das obras de humanización da Avenida Beiramar, entre a rúa Coruña e Bouzas.
2. Redactar o documento técnico para a construción dunha senda peonil e ciclista no tramo do Berbés, entre A Laxe e a entrada ao porto pesqueiro.
3. Licitar, contratar, executar e dirixir as obras de humanización da Avenida Beiramar e da construción da senda peonil e ciclista.
4. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula terceira.
5. Xestionar a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.
6. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei. Será responsable da recompilación e valoración da documentación presentada polos adxudicatarios para comprobar á adecuación dos proxectos ás condicións de financiamento.
7. Cumprir as instrucións que tanto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, como a Secretaría de Estado do Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana ou calquera outro órgano ou autoridade competente lles comunique en aplicación de normativa, europea, nacional ou autonómica, que puidera aprobarse para a execución ou xestión do Mecanismo Europeo de Recuperación como do Plan de Recuperación , Tansformación e Resiliencia.
8. Facilitar toda a información necesaria para que a Xunta de Galicia poida xustificar o destino dos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en adiante MRR, ante os ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e Facenda e Función Pública consonte coa normativa que lles sexa aplicable. En concreto deberá de comunicar mensualmente, coa data límite do día tres hábil do mes seguinte, os datos do progreso dos indicadores de fitos ou obxectivos e dos mecanismos de verificación, de acordo co procedemento e formato de subministro de información para as entidades do sector público establecido na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

9. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

10. Respetar o principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm”- DNSH) ao medio ambiente previsto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e demais normativa europea de aplicación. Para isto, a Autoridade Portuaria de Vigo terá en conta a Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar un prexuízo significativa” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), (Guía Técnica da Comisión Europea) e encherá o cuestionario de autoevaluación do cumprimento deste principio.

11. As actuacións estarán sometidas así mesmo ao seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as obrigas específicas impostas, nese sentido, pola normativa nacional e da Unión Europea que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Para isto, a Autoridade Portuaria de Vigo quedará suxeita a tódolos controis que, en relación á aplicación dos fondos percibidos establezan a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou, no seu caso, os organismos comunitarios competentes.

A Autoridade Portuaria de Vigo deberá remitir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ou, no seu caso, á Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, canta información e documentos se lles requira, así como cumprir puntualmente co que puidera dispoñerse por calquera norma ou regulamentación aplicable.

Así mesmo, a Autoridade Portuaria de Vigo quedará comprometida, expresamente, coa sinatura do convenio, a cumprir as instrucións que tanto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou calquera outro órgano ou autoridade competente lles dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea coma nacional ou autonómica, que puidera aprobarse para a execución ou xestión

tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

É responsabilidade da Autoridade Portuaria de Vigo, en relación coa fiabilidade e o seguimento deste indicadores, o permitir coñecer en todo momento o nivel de consecución dos fitos e dos obxectivos, única ferramenta para poder detectar as desviacións producidas e adoptar as medidas necesarias en caso de situacións que poidan comprometer o retorno dos fondos por insuficiente cumprimento deste fitos e obxectivos.

12. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que poida enviar un representante se o estima oportuno.

13. A Autoridade Portuaria de Vigo deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



14. Dispoñer dun plan de medidas anti-fraude que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes foron utilizados de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021. Débese recoller a avaliación de risco de fraude, a cumprimentación da

declaración de ausencia de conflicto de intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses. Dito plan deberá cumprir cos requirimentos mínimos establecidos no artigo 6.5 da Orde HFP/1031/2021, do 20 de setembro.

15. Manter unha axeitada pista de auditoría da medición dos indicadores e de conservación da documentación soporte de conformidade co artigo 132 do Regulamento 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre normas financeiras aplicables ao presuposto xeral da Unión.

14. Obriga de presentar ao final de cada actuación unha conta xustificativa incluíndo:

- o grao de cumprimento dos fitos ou obxectivos respecto dos fixados inicialmente
- o custe real respecto do custe estimado inicialmente
- Mecanismos de control aplicados na súa execución.

16. Obriga de presentar ao final de cada actuación unha conta xustificativa incluíndo:

- o grao de cumprimento dos fitos ou obxectivos respecto dos fixados inicialmente
- o custe real respecto do custe estimado inicialmente
- mecanismos de control aplicados na súa execución

17. Obriga de presentar unha conta xustificativa final para a liquidación da axuda, importe, fitos e obxectivos acadados, tras o peche do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia unha vez finalizados todos os controis nacionais ou comunitarios.

Obxectivos ou fitos cuantitativos individualizados de obrigado cumprimento para a Autoridade Portuaria de Vigo

De conformidade coas orientacións do Ministerio de Facenda e Función Pública do 11 de febreiro de 2021, a Autoridade Portuaria de Vigo deberá cumprir os obxectivos cuantitativos individualizados mínimos seguintes:

- Indicador do importe de inversión licitado: a 30 de marzo de 2023 deberase ter licitado por un valor de polo menos o 100% da contía recibida.

- Indicador de inversión adxudicada en licitacións e compras: a 31 de decembro de 2023 deberase ter adxudicado por valor do importe total da contía recibida.
- Deberase xustificar a finalización dos proxectos a data 31 de decembro de 2025. Para considerar finalizada unha actuación é necesario que todos os elementos constitutivos desta estean finalizados. A estes efectos esixirase a acta de recepción do contrato ou documento que se poida establecer alternativamente en cumprimento das disposicións que estableza a Comisión Europea e o Ministerio de Facenda e Función Pública.

O valor da inversión que debe ser licitada a 31 de marzo de 2023 e adxudicada a 31 de decembro de 2023 pola Autoridade Portuaria de Vigo é de 3.500.000 € procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, á marxe do importe de cofinanciación que deba achegar esa entidade.

A Autoridade Portuaria de Vigo deberá informar mensualmente sobre o progreso dos seguintes indicadores de seguimento da execución dos créditos asignados ás dúas actuacións obxecto deste convenio:

- Presuposto licitado
- Presuposto adxudicado
- Presuposto executado.
- Número de proxectos finalizados.

Os fitos e obxectivos son a única ferramenta para poder detectar desviacións producidas que permitan adoptar as medidas necesarias en caso de situacións que poidan comprometer o retorno de fondos. É responsabilidade da Autoridade Portuaria de Vigo, en relación a fiabilidade e seguimento destes indicadores, comunicar coa periodicidade establecida o nivel da súa consecución.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **TRES MILLÓNS CINCOCENTOS MIL EUROS (3.500.000,00 €)**, que proceden do MRR, con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.703. código de proxecto 2022-00004, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2022	1.000.000,00
2023	2.000.000,00
2024	500.000,00
TOTAL	3.500.000,00

Por esixencias dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia a AXI non poderá subvencionar o importe do IVE nin taxas por dirección de obra, que en todo caso, correrán a cargo da Autoridade Portuaria de Vigo.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

A Autoridade Portuaria de Vigo xustificará o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e a aplicación dos fondos percibidos ante a Consellería de Infraestruturas e

Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, e no seu caso, ante á Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Xustificación dos gastos efectuados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e dos pagos realizados, con xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, de acordo coa normativa aplicable aos fondos europeos.
2. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
3. Certificación expedida polo órgano correspondente dos gastos realizados con recursos propios e, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Certificados dos cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ten pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
6. Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula segunda do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante os anos 2022, 2023 e 2024. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que

non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación de dous representantes da Axencia Galega de Infraestruturas e dous representantes da Autoridade Portuaria de Vigo.

A comisión reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez no ano aínda que calquera das partes poderá instar a súa convocatoria extraordinaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- Coordinar os traballos para a consecución óptima do fin perseguido.
- Resolver calquera discrepancia que se xurda na interpretación e execución do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

O funcionamento da comisión rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio que non sexan resoltas pola comisión de seguimento solventaranse, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEXTA. - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e pola normativa seguinte: Lei 9/2007, do 13

de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións; Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo. Procurarase, en todo caso, que as categorías de axudas no sexan concorrentes e que os gastos elixibles non sexan os mesmos.

OITAVA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Cando non sexa posible acreditar o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores comunicados e isto impida o retorno de fondos europeos ao Tesoro da Comunidade Autónoma de Galicia a Autoridade Portuaria de Vigo deberá reintegrar total ou parcialmente ás axudas percibidas.

Será causa de reintegro total o incumplimento das obrigas establecidas nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización das actuacións por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes, ou o feito de non poder dispoñer finalmente dos fondos MRR.

NOVENA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Dado que os fondos que achega a AXI proceden do MRR toda referencia realizada á actuación obxecto do presente acordo en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuren no Manual de Imaxe do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que, no su caso, se aprobe, ou no manual que sexa aprobado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Sen prexuízo do anterior, deberá figurar en todo caso a referencia o financiamento da actuación con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a súa xestión polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Os receptores de financiamento da Unión Europea deben de mencionar a orixe deste financiamento e garantir a súa visibilidade, en particular cando promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e

proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Do mesmo xeito, todas as licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", de acordo co artigo 9 da Orden HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como unha referencia a súa xestión por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

DÉCIMA .- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes acordan someterse á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e demais normativa aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 nas condicións establecidas na cláusula cuarta. Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas
Ethel M^a Vázquez Mourelle

O presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

Jesús Vázquez Almuíña



XUNTA
DE GALICIA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Xacobeo
21-22